




RÍO TEA de Ponteareas a Salvaterra

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2021



Distancia: 18 km (lineal)
Dificultade: baixa



- 1-Ponte dos Remedios
- 2-A Moscadeira
- 3-Os Caboucos
- 4-A Carrasqueira
- 5-río Uma
- 6-Ponte das Partidas
- 7-Acea de Rañe
- 8-Abelán
- 9-O Pego
- 10-Cordeiro
- 11-Ponte de Fillaboa
- 12-Illa de Fillaboa.

Unha ruta un pouco longa para camiñar, case 18 km se a facemos completa desde a praia da Freixa en Ponteareas ao parque da Canuda en Salvaterra, excesiva para facer de ida e volta, polo que é moi aconsellable procurarse un transporte para volver ao punto de partida, pero ideal para un paseo en bicicleta ao que axuda un piso de bo firme, regular e case chan. No percorrido, que facemos por un camiño con longos tramos á sombra das árbores da ribeira e outros espazos arborados de áreas anegables e terreos forestais próximos ao río, movémonos dentro do espazo protexido como LIC/ZEC Río Tea onde, ademais dos valores naturais, imos atopar varios puntos de interese: praias, pontes, atrancos, restos de muíños, áreas de lecer...



Panel dunha das rutas do Tea

PERCORRIDO

Facemos o camiño río abaixo, saíndo da **Ponte dos Remedios**, en Pontearreas e levando á dereita a corrente. Pasamos a praia e área de lecer da **Moscadeira**, a dos **Caboucos**, a pontella e o atranco da **Carrasqueira** (cos restos de muíños), a desembocadura do **río Uma**, o viaduto da autovía, a **Ponte das Partidas** (con praia e área de lecer), os restos do atranco e a **acea de Rañe**, o atranco de **Abelán** (xa no concello de Salvaterra), a praia e área de lecer do **Pego**, a ponte, praia e área de lecer de **Cordeiro**, as pontes das estradas, a ponte e praia de **Fillaboa**, a ponte do tren, e rematamos na desembocadura no Miño en fronte da **illa de Fillaboa**. Podemos continuar a ruta ata o parque da **Canuda** e rematar en Salvaterra do Miño.




Os Caboucos (Pontearreas)



O Calballa (Pontearreas)



O Tea en Pontearreas



O camiño na Carrasqueira (Pontearreas)



Cordeiro



Raíe (Salvaterra do Miño)



Praia do Pego (Salvaterra do Miño)



O Tea preto da desembocadura



O Tea e a Illa de Fillaboa.

AS PONTES



Ponte medieval dos Remedios, ou ponte de San Roque (Ponteareas). Ao seu carón hai unha praia e unha área de lecer.



Arredor das pontes do Tea hai numerosas lendas e tradicións. Unha das máis comúns é a dos bautismos anticipados, procurando a protección das forzas sobrenaturais. Cando unha muller quedaba preñada acudía á medianoite á ponte e alí agardaba o primeiro camiñante que a cruzase convidándoo a botar auga do río sobre o seu ventre e a ser o padriño do meniño. Despois facían un pequeno xantar e botaban ao río os refugallos da comida.

Ponte das Partidas (Ponteareas).

A lenda conta que a ponte da Partidas foi construída nunha soa noite polos mouros.

O nome da ponte ten varias orixes lendarias. Unha disque unha banda de ladróns reuníase na ponte despois de roubar para facer as partidas do botín. Tamén falan de cabaleiros que acostumaban reunirse alí antes de partir nas súas loitas. Outra conta coma sete irmáns (Asunción, Lucía, María, Marta, Amaro, Brais e Cibrán) xuntábanse alí antes de partir a predicar o evanxeo, e foi tanta a súa angueira de predicación que, despois de finaren, medraron sobre os seus corpos sete outeiros que arrodaban a ponte. En todos estes montes erguéronse capelas na súa honra.



Ponte de Fillaboa (Salvaterra do Miño) construída no século XV, con posteriores reformas.

AS ESTACADAS

As estacadas son unhas estruturas que se arman cada tempada, entre os meses de febreiro e maio, para a captura das lampreas, peixes que polas súas especiais características, precisan ser collidos en datas, e con métodos, que están prohibidos para a pesca do resto das especies. (Hai que aproveitar as noites, da época na que remontan a corrente en busca dos lugares onde deixar postos os ovos dos que sairá a seguinte xeración, e capturalos con fisga porque non se alimentan mentres suben polo río, e despois de poñer os ovos morren).



Estacada para a pesca tradicional da lamprea en Salvaterra do Miño



OS MUÍÑOS



Acea de Rañe

Neste tramo final do seu curso o Tea é un río que so ten voz cando cae polos vellos atrancos que, en tempos, conducían a auga a mover os rodicios dos muíños e as rodas verticais das aceas, das que aínda se conservan algúns restos.



Fotograma dun documental do ano 1931 no que se ve a roda da acea de Rañe






Búgula ou consolda media (*Ajuga reptans*)



Salgueiros (*Salix salvifolia*)



Raíces de plátanos
na beira do río



A auga calma,
silandeira e
transparente
deixa ver canto
hai dentro e
debaixo dela.



Carballos

